

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONSELLO GALEGO DE CAMARAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROCESO ELECTORAL NAS CAMARAS DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACION DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Sol M^a Vázquez Abeal, directora xeral de Comercio e Consumo, **DECLARA:**

Que esta Consellería de Economía, Emprego e Industria ten previsto formalizar co Consello Galego de Cámaras o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Consello Galego de Cámaras para o desenvolvemento do proceso electoral nas Cámaras de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Con data 29 de xuño de 2017 publicouse no Boletín Oficial do Estado, a Orde EIC/710/2017, do 26 de xullo, pola que se declara aberto o proceso electoral para a renovación dos Plenos das Cámaras oficias de comercio, industria, servizos e navegación de España, establecéndose que o proceso electoral para a renovación íntegra dos Plenos das cámaras oficias de comercio, industria, servizos e navegación quedará aberto o 2 de outubro de 2017.

O Consello Galego de Cámaras de Comercio, é o organismo de representación, relación e coordinación das cámaras e órgano consultivo e colaborador da Xunta de Galicia e das administracións públicas en xeral.

Neste senso, no artigo 4.3 da Lei 5/2004, de 8 de xullo, de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia recolle como funcións das cámaras, entre outras, desempeñar actividades de mediación, así como de arbitraje mercantil, nacional e internacional. É por isto que as súas actuacións enmárcanse no interese xeral e, de acordo co disposto no artigo 26.2.a) da Lei de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública porque as accións obxecto deste convenio realízanse pola propia Federación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela, a

